



Nota de prensa: 25.12.10

ENCE DENUNCIA Á APDR POR FALSEDADE E INXURIAS

Hai uns días, temos recibido notificación do Xulgado de Primeira Instancia Nº 2 de Pontevedra na que se nos informa de que a empresa ENCE ten presentado unha demanda contra a Asociación Pola Defensa da Ría. A antedita demanda é a hipócrita resposta da fábrica pasteira de Lourizán á nota remitida a finais de outubro pola APDR aos medios de comunicación e publicada o pasado 1 de novembro, e na que, unha volta mais, denunciabamos a contaminación que ENCE provoca no noso medio ambiente e a ilegalidade na que se atopa ao non cumprir a lexislación correspondente ao vertido de augas residuais a zonas sensíbeis como a Ría de Pontevedra.

Cítasenos (tanto ao noso vicepresidente Benito Andrade, como asinante da antedita nota de prensa, como á propia APDR) a comparecer nun acto de conciliación o vindeiro 29 de decembro ás 9:30 horas, interesando da nosa asociación:

- 1º.- que recoñezamos o carácter incerto e inxurioso das nosas declaracións.
- 2º.- a redacción e envío dunha carta ao Diario de Pontevedra, solicitando a súa publicación, retractándonos das afirmacións vertidas naquela nota.

Como en todas as ocasións, as declaracións vertidas pola nosa asociación na citada nota son froito da análise dos datos correspondentes ás analíticas que mensualmente ENCE remite á administración autonómica e que nos foron facilitados pola propia Xunta de Galicia, unhas analíticas que deixan ver que os vertidos de ENCE seguen incumprindo os máximos legais permitidos para varios dos parámetros considerados na lexislación cando se trata de zonas sensíbeis.

E pretende ENCE que nos retractemos de algo que resulta evidente e que se recolle nunha frase da nota en cuestión: *“Estudos realizados ao longo dos anos, teñen amosado que o impacto ambiental e económico da fábrica ten sido e segue a ser moi negativo”*. Que o impacto ambiental no pasado foi moi negativo é algo que quedou definitivamente demostrado no xuízo celebrado o 5 de novembro de 2002, no que a empresa foi condenada por delicto ecolóxico, e que semella que os directivos da empresa queren facer esquecer a forza de ignoralo; que a realidade segue a ser a que nós denunciámos sistematicamente, ven avaliado polos datos oficiais.

A política de ENCE, que entre outras cousas persigue a continuidade mais alá do 2018 no seu actual emprazamento, está baseada –como estivo sempre- na propaganda enganosa, na falsidade ou na mentira pura e dura. Coa denuncia agora presentada contra a APDR non pretenden mais que un acto de forza para reivindicar unhas bondades nas que xa practicamente ninguén cre na bisbarra pontevedresa. Pero non o van conseguir. Nin nós nin os milleiros de pontevedreses e pontevedresas que esiximos o fin inmediato e definitivo da actividade do complexo industrial de Lourizán, imos permitilo.

Pola Xunta Directiva da APDR,

Asdo.: Antón Masa, presidente.